

## **José García Costas, reelixido presidente da Cámara de Comercio de Vigo ata 2014**

- O empresario inicia a súa terceira lexislatura ao fronte da institución cameral coa “mesma ilusión que o primeiro día”
- José Silveira Cañizares volverá a ocupar a vicepresidencia primeira e José Manuel Fernández Alvariño a vicepresidencia segunda

**Vigo, 18/06/10.-** José García Costas foi reelixido esta mañá presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vigo durante o acto de constitución do novo pleno, composto por 58 membros e cuxo mandato se extenderá ata 2014. O empresario inicia así a súa terceira lexislatura co mesmo equipo no Comité Executivo, formado por José Silveira Cañizares (vicepresidente primeiro), José Manuel Fernández Alvariño (vicepresidente segundo), Eugenio Buján García (tesoureiro), e os vogais Ricardo Cabrera de la Cruz, José Conde Davila, Roberto González Pazos, Gregorio Gorriarán Laza, Javier Touza Touza e Pierre Ianni.

Os nomeamentos da presidencia e do Comité Executivo leváronse a cabo sen necesidade de votación, xa que a de García Costas foi a única candidatura presentada ante o rexistro da Cámara, e non houbo ningunha proposta nova durante o acto nin tampouco obxección por parte do resto dos plenarios.

Trala designación, que estivo presidida pola directora xeral de Comercio da Xunta de Galicia, Nava Castro, José García Costas agradeceu a confianza dos empresarios por esta nova reelección: “unha lexislatura que afrontarei coa mesma ilusión que o primeiro día”, dixo. O presidente mostrou tamén a súa gratitude cara o “traballo dos membros do Comité Executivo que volverán a acompañarme neste mandado”. En canto aos retos que debe afrontar a institución nestes próximos catro anos, García Costas recordou que “cada vez que un afiliado á Cámara me di que non utiliza os nosos servizos causame unha gran tristura e demóstrame que algo non facemos ben, así que esa debe de ser a máxima de tódolos días”. A internacionalización das empresas “nestes momentos de tanta dificultade”, asegurou, “é algo no que temos que seguir traballando, porque ademáis contamos con ferramentas para elo”, explicou García Costas en relación ao Plan de Fomento das Exportacións Galegas (FOEXGA), que este ano conta cunha importante dotación económica

### **Dez anos ao fronte da Cámara**

Nacido o 4 de xuño de 1944, José García Costas é vogal do Pleno e do Comité Executivo da Cámara dende o 10 de xuño de 1998. Foi elixido Presidente, por primeira vez, o 27 de marzo de 2001 trala renuncia ao cargo de Fernando

Conde por motivos de saúde. O 5 de xuño de 2002, afrontou a súa primeira legislatura completa; e o 26 de xuño de 2006 foi reelixido tras unha votación, onde obtivo 50 votos a favor dos 51 emitidos, con unha abstención.

Como representante da corporación, é vicepresidente do Padroado da Fundación PROVIGO e a súa área; membro do Padroado e do Comité Executivo do Instituto Ferial de Vigo (IFEVI); do Pleno e Comité Executivo da Consorcio de la Zona Franca de Vigo; del Consejo de Administración de la Autoridade Portuaria de Vigo; da Asamblea Xeral e do Consello de Administración de Caixanova; do Comité de Rutas Aéreas de Galicia; do Padroado da Fundación Instituto Cameral para la Creación y Desarrollo de la Empresa (Incyde); do Consello de Administración de Camerpyme, S.A. e do Pleno do Consejo Superior de Cámaras (CSC). Ademais, é presidente da Comisión Consultiva de Innovación do CSC.

É tamén o representante do Consorcio da Zona Franca de Vigo na Xunta Universal de Accionistas e no Consello de Administración da sociedade de capital risco Unirisco Galicia SCR, S.A. Por último, é vicepresidente do Consello Galego de Cámaras.

Nos seus 120 anos de historia, a Cámara de Vigo atendeu a 14 presidentes: Manuel Bárcena y Franco, en 1886, foi o primeiro designado; seguíronlle Antonio B. Conde (1893), José Ramón Curbera (1894), Celestino Maestú Novoa (1906), Francisco Esténs Romero (1919), José de la Gándara Sestelo (1921), Tomás Mirambell Maristany (1924), Eugenio Fadrique González (1930) Tomás Pérez Lorente (1947), Fernando Conde de Ponte (1959), José Nogueira Dalmás (1972), Fernando Casuso Silva (1978), Fernando Conde Montero-Ríos (1984) e José García Costas (2001).